

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos do 3º curso da educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos á realidade deste centro e a do seu alumnado no 3º curso.

Esta materia debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas coa finalidade de proporcionar as bases para unha formación autónoma do alumnado nos valores dunha cidadanía plural, dialogante e democrática.

A materia é unha oportunidade para poñer en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación crítica do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo e autónomo na súa propia formación.

Esta programación adáptase aos grupos de alumnado nos distintos niveis desde diferentes enfoques para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe que nesta programación didáctica se propón: dun lado, tendo en conta as necesidades educativas de cada alumna e de cada alumno así como a diversidade que presenten; doutro lado, en relación ao número de alumnado presente en cada grupo e as posibilidades en canto a espazos e recursos dos que dispón o departamento didáctico e o centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu? E quen es ti?	Éntrase naqueles aspectos que caracterizan ás persoas e en como estas se relacionan co resto de persoas da propia contorna.	12	4	X		
2	Que me leva a actuar como actúo?	Trabállase sobre a importancia de desenvolver o pensamento crítico, e analizar o papel que a moral e a ética teñen nas nosas accións.	24	10	X		
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	Analízanse as diversas formas de organización social e política, así como o fenómeno migratorio, a desigualdade social e a memoria democrática.	17	6		X	
4	Os dereitos humanos	Trabállase cos dereitos humanos, as súas características, e a súa evolución histórica até chegar á Declaración Universal.	17	6		X	
5	A desigualdade nun mundo global	Procúrase nesta unidades didáctica comprender en que consiste a globalización e cales son as desigualdades que esta xera entre países e dentro deles.	16	5			X
6	R-evolución-ate	Tendo como referencia movementos e persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade e as nosas posibilidades ante unha cuestión principal: Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor?	14	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen son eu? E quen es ti?	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas e mesmos.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos e desexos cara nós mesmas e mesmos e cara o resto de persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Que me leva a actuar como actúo?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, así como debatelo no grupo clase.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Facer aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir en sociedade. Vivir en democracia	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Seleccionar información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.	TI	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escotar de forma activa no traballo en grupo, facendo aportacións persoais que amplíen o coñecemento sempre desde o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artellar unha exposición oral na que amosan coñecementos básicos arredor das cuestións éticas de actualidade.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Analizar un ou varios discursos baseados no recoñecemento e a necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno.

Contidos

- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
4	Os dereitos humanos	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Expoñer de xeito escrito cales son os dereitos humanos e a súa importancia para o benestar social.	TI	100
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Presentar oralmente os organismos, as institucións así como as persoas activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	A desigualdade nun mundo global	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Describir as causas e as consecuencias máis graves dos problemas ecosociais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Intervir na aula axudándose dos comentarios e as aportacións das compañeiras e os compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
6	R-evolución-ate	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Realizar un traballo escrito no que se valoren as diferentes formulacións científicas, políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	TI	100
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Poñer en marcha polo menos unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestións que se aborden nesta materia deberan consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver distintas situacións conflitivas que se lle presenten co obxectivo de que a súa autonomía e o seu sentido da responsabilidade se fortalezan en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudables e sustentables e, sobre todo, baseados nunha participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son:

- Unha aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos do alumnado, este será capaz de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade.
- Unha aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigación, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía e as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase.
- Unha aprendizaxe mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación: parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, vídeos divulgativos, exposicións interactivas etc. Con respecto a isto, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información así como a detección fake news, e a verificación das fontes á hora de buscar a información.

Ao inicio de cada unidade didáctica traballarase sobre os instrumentos de avaliación e a súa ponderación. Os obxectivos de cada unidade didáctica presentaranse de forma explícita. Cada unidade didáctica comezará cunha introdución para activar os coñecementos previos e terminará cun resumo ou síntese final que enlazará coa seguinte unidade didáctica.

A base do traballo que se fará na materia de Educación en Valores Éticos e Cívicos encamiñárase á investigación e a

aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos desde un punto de vista creativo e de descubrimento. Por ese motivo, o xeito máis pertinente de avaliar será facelo cunha táboa de indicadores que constará de rúbricas de cada fase do traballo que se desenvolva:

- Rúbrica participación
- Rúbrica implicación
- Rúbrica traballo escrito individual
- Rúbrica traballo grupal
- Rúbrica exposición oral

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia feitos polo profesorado da materia
Libro/s de lectura
Caderno persoal
Aula virtual da materia
Bibliografía e libros de consulta
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Algunhas observacións importantes que se poden realizar son as seguintes:

- Cada sesión terá lugar nun aula do centro na que se precisará dun ordenador conectado a internet e un encerado con proxector e son.
- Os pupitres do alumnado servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos.
- O/s libro/s de lectura ou os libros de consulta xunto cos materiais de elaboración propia por parte do profesorado aportarán os contidos básicos para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio (todos estes materiais deben facilitar o desenvolvemento dunha aprendizaxe autónoma).
 - Á hora de desenvolver o traballo de aula, as tarefas, traballos e actividades que o alumnado realice terán como base o seu caderno persoal, no que se compilarán todas as actividades, reflexións e incluso aportación orais persoais que desexen realizar á materia.
 - O profesorado aportará materiais nos que se inclúan e traballen os contidos da materia, materiais entre os que se atoparán recursos impresos como fichas de comprensión lectora, guións de prácticas, fichas de actividades de consolidación e actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumna e cada alumno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase levarase a cabo unha proba inicial que, baseada en competencias e contidos básicos, terá por obxectivo facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, sobre as súas destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

Esta proba consistirá na presentación dun dilema moral ao que alumnado deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección. O exercicio valorárase de acordo aos estándares do test moral de Kohlberg e permitirá concretar o nivel moral do alumnado.

Nestas primeiras dúas semanas o docente observara tamén ao alumnado tomando as notas que precise na aplicación dunha rúbrica que informe sobre as destrezas no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora do grupo. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de orientación, concretaranse as medidas de atención á diversidade pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	24	17	17	16	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Nesta materia o alumnado recibirá unha cualificación en cada unha das tres avaliacións trimestrais que reflectirán o traballo que se realice de forma parcial ao longo de cada trimestre e unha cualificación final como valoración do traballo realizado ao longo de todo o curso.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

Cada trimestre, o profesorado calculará a cualificación do seu alumnado tomando como referencia os resultados acadados en cada unha das unidades didácticas traballadas e aplicando as seguintes ponderacións:

- 1º trimestre. Unidade didáctica 1: 30% + Unidade didáctica 2: 70%
- 2º trimestre. Unidade didáctica 3: 50% + Unidade didáctica 4: 50%
- 3º trimestre. Unidade didáctica 5: 50% + Unidade didáctica 5: 50%

Se ben a cualificación trimestral final virá determinada polo cálculo que resulte de aplicar as ditas ponderacións, teranse en conta sempre as seguintes salvagardas:

- para poder realizar o cálculo a alumna ou o alumno deberá acadar en cada unha das unidades didácticas do trimestre unha valoración igual ou superior a tres puntos;
- se a valoración acadada nunha unidade didáctica é inferior a tres puntos a valoración do trimestre será de catro puntos, ou inferior se o resultado de aplicar as ponderacións anteriores amosa un resultado menor de catro puntos;
- cando a cualificación trimestral obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):
 - se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
 - se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA

Ao final de curso, o profesorado calculará a cualificación do seu alumnado tomando como referencia os resultados acadados en cada un dos trimestres do curso e aplicando as seguintes ponderacións:

- 1º trimestre: 35% de peso na cualificación final do curso
- 2º trimestre: 35% de peso na cualificación final do curso
- 3º trimestre: 30% de peso na cualificación final do curso

Para este cálculo, cando a cualificación final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación final que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No caso de alumnado que requira unha atención especial sobrevenida por distintas causas (lesións, malestares diversos etc.) porque non pode seguir o ritmo das sesións ou desenvolver a proposta didáctica por un período de tempo indeterminado, realizaranse as oportunas adaptacións para que poida acadar os obxectivos da materia. En todo caso, seranlle de aplicación os mesmos criterios de cualificación mencionados tanto trimestrais como finais con independencia das adaptacións que se realicen.

A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. O alumnado deberá entregar todas as actividades propostas para poder facer media do curso.

Criterios de recuperación:

En relación aos criterios de recuperación da materia para aquel alumnado que non supere algunha ou todos os trimestres, o criterio inicial será o de que a alumna ou o alumno só terá que recuperar aquela parte ou partes da unidade didáctica non superadas e non repetir todas as aprendizaxes xa acadadas. Polo tanto, a partir desta premisa, establécense dúas liñas de actuación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO LONGO DOS TRIMESTRES

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno. Polo tanto, pódense dar dous escenarios posibles:

- Antes de que se realice a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación, que se reflectirá xa na súa cualificación dese trimestre (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

- Unha vez realizada a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación ao longo do resto de trimestres; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

Ao final do trimestre, o profesorado remitirá un informe individualizado á persoa titora para que o faga chegar ás familias no que se indique o plan de recuperación da materia específico para a alumna ou para o alumno.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO FINAL DE CURSO SOBRE O TOTAL DA MATERIA

O alumnado que pese a recibir un plan específico de recuperación da materia en cada un dos trimestres no momento no que non superara unha unidade didáctica ou ao final do trimestre, non superara algunha das unidades didácticas, terá un prazo específico de 15 días (os primeiros 15 días de xuño) para acadar as aprendizaxes non superadas seguindo o plan de recuperación que terá como referente os mínimos de consecución da materia e que se entregará

a finais do mes de maio. No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por unidade didáctica e trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Do mesmo xeito, procederase no caso de alumnado interesado en mellorar a cualificación das súas aprendizaxes pese a que xa obtivera un resultado positivo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 4º coa materia pendente será convocado polo Departamento/tomará a iniciativa e irá informarse sobre a proposta de recuperación ao inicio do curso para explicarlle o plan ; esa información remitirase tamén á familia ou persoa responsable da alumna ou o alumno.

O plan de reforzo organizarase, para cada un dos trimestres, a través da elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. En dito cartafol conteranse tanto as tarefas a realizar como as indicacións que o profesorado encargado determine para o seu desenvolvemento.

O alumnado recibirá unha cualificación trimestral e unha cualificación final que se outorgarán desde o Departamento didáctico:

1. Cualificación trimestral:

Terá en conta a realización da proposta de traballo (tarefas) que se conteña no cartafol: 100% da cualificación. Cando a cualificación final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No caso de que a alumna ou o alumno non supere o plan trimestral, poderá recuperar un trimestre non superado no seguinte.

2. Cualificación final:

Ao final do curso, a alumna ou o alumno recibirá unha cualificación final que se obterá da media ponderada das tres avaliacións (as tres terán o mesmo peso), empregándose a fórmula: $(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ Av.} + \text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ Av.} + \text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ Av.}) / 3$. No caso de que non superara algún dos trimestres pese a recibir o plan de reforzo, poderá igualmente realizar unha recuperación final extraordinaria consistente nunha proba organizada polo Departamento didáctico na que terá que presentar o cartafol proposto coas tarefas realizadas previstas para cada trimestre que non superara. Para a cualificación final aplicarse igualmente a fórmula anterior.

A cualificación final da materia pendente presentarase nunha sesión de avaliación final extraordinaria de pendentes do curso en que estea escolarizada/o a alumna ou o alumno. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, que terá que ser igual ou superior a 5 puntos.

Cando a cualificación trimestral ou final obtida fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios (no seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o seguinte por defecto -no caso de decimais entre 0 e 49-, atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns as que prevalecerán na decisión da cualificación trimestral que se concrete):

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

- Alumnado repetidor (coa materia aprobada/coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

- No caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento pódense poñer en marcha distintas medidas:
 - Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregaranse formas de organizar a clase individualizadas, estableceranse grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran etc.
 - Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
 - Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido; reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconceito; creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades; simplificación das actividades...

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, poderanse:

- Propoñer actividades de ampliación que lle permita a este alumnado profundar nos diversos contidos alcanzando niveis competenciais superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiras/os que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación emocional	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - A competencia dixital				X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social					X	X
ET.8 - O espírito científico		X				
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.12 - A educación para a saúde					X	X
ET.13 - A educación afectivo-sexual	X	X				
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X				
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A conciencia e formación sobre o cambio climático					X	X
ET.18 - A educación para a sostibilidade					X	X
ET.19 - A educación para o consumo responsable					X	
ET.20 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.21 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X
ET.22 - O respecto mutuo	X	X	X	X	X	X
ET.23 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única materia senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as materias da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 11.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen nos aliñados 12 a 23. No caso desta materia, considérase que, dun xeito ou doutro, todos eles estarán presentes na materia ao longo do 3º curso.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña das temáticas dos mesmos indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Dilemas Morais, Fotografía ou Vídeo a determinar.	X	X	
Visita e elaboración dun taller nun centro ocupacional	Visita que ten por finalidade achegar ao alumnado á realidade de persoas que forman parte do mundo que o rodea para que coñezan as súas características e realidades, moi diferentes ás que adoitan ver e coñecer.			X

Observacións:

En relación ás actividades propostas:

- A olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de filosofía. Esta actividade está programada para a 1ª e 2ª avaliación e relaciónase co certame Olimpíada Filosófica de Galicia (OFG). De ser o caso e pasar a fase autonómica, podería participarse nunha fase estatal.

- A actividade de visita a un centro ocupacional ten por obxectivo principal coñecer, entender e programar un taller para persoas dun centro ocupacional no que o alumnado poida desenvolver a súa propia autonomía persoal, empatía e activismo de cara a persoas diversas que forman parte tamén do mundo que nos rodea.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas e das súas temáticas a partir dos elementos do currículo.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Proporcionáanse situacións de aprendizaxe motivadoras.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
6. Preséntanse contidos e actividades apoiadas nas novas tecnoloxías: encerado dixital, internet, clase invertida ...
7. O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).
8. Utilízase unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada na presentación dos novos contidos.
9. Estimúlase o diálogo e/ou actividades de educación emocional como principal vía para a prevención e resolución de conflitos.
10. Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

De ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...).

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior.

Os resultados desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñeranse en coñecemento das persoas que formen parte do Departamento de cara a poder incorporar melloras para os vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final do departamento, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados